

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS-AGEM PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E DE ANÁLISE DA INDUSTRIA MUSICAL EN 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar coa **Asociación Galega de Empresas Musicais** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a **sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2023**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic de accións de promoción e de análise da industria musical en 2023 que desenvolve a Asociación Galega de Empresas Musicais en 2023:

1. Xornada profesional de promoción musical de Galicia, que terá lugar a finais do mes de novembro na cidade de Pontevedra. Dirixida aos profesionais da programación musical de Galicia e norte de Portugal así como a promotoras e distribuidoras, durante as xornadas celebraranse coloquios participativos sobre os retos da relación entre as bandas de música e os profesionais da programación, espazos networking con charlas informais, roldas de presentacións de proxectos musicais onde compañías e bandas debullarán espectáculos producidos ou por producir, e xuntanzas de negocio de carácter bilateral entre compañías/bandas e profesionais da programación.
2. Elaboración de informe sobre a situación da industria musical en Galicia e o seu impacto económico e que se desenvolverá en varias fases: busca e análise de fontes de información secundarias, busca e análise de fontes de información primarias e unha última fase de diagnose na que se analizara e elaborará o DAFO da industria en Galicia, DAFO priorizado para a industria, DAFO para cada sector de actividade e estimación do impacto económico relativo do sector musical na economía de Galicia.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación Galega de Empresas Musicais, atendendo aos seus fins, vén promovendo de forma continuada actividades e servizos de carácter colectivo e asistencial así como de fomento de todo tipo de iniciativas que redundan na defensa e potenciación do sector musical. Un dos obxectivos específicos das iniciativas que conforman o proxecto de dinamización da entidade para 2023 é incidir na profesionalización da relación entre os distintos axentes, facilitando as dinámicas de posta en común cos profesionais da programación ou as empresas do sector produtivo, obxectivo último que se cristalizará nas xornadas de carácter profesional que desenvolverá a Asociación no último trimestre do ano. Con estas xornadas créase un espazo profesionalizado de relación entre



promotoras, distribuidoras e profesionais da programación musical, de espazos públicos e privados, para facilitar o labor de promoción, distribución e venda de traballos musicais.

A outra vertente do proxecto da entidade para 2023 diríxese ao estudo e á investigación, xurdido da necesidade de analizar a situación da industria musical en Galicia e o seu impacto económico e cuxos resultados permitirán realizar unha diagnose da situación da industria e unha estimación da súa importancia para a economía galega. Coñecer as fortalezas e debilidades da industria musical, e dos seus subsectores en particular, as oportunidades e ameazas coas que conviven no seu contorno e a súa contribución á economía de Galicia é o fin último deste estudo que a Asociación leva a cabo.

A Agadic presta especial atención ao eido do asociacionismo profesional apoiando medidas e iniciativas concretas das diferentes entidades aglutinadoras do sector profesional que desenvolven unha actividade crecente tanto de cara ao servizo dos asociados coma á visibilización do tecido profesional dos diferentes sectores culturais. E todo este esforzo no fomento do sector musical que realiza a Asociación tanto a nivel representativo como de dinamización e promoción coincide plenamente coas liñas de traballo da Agadic, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas, establecendo accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta

Director da Agadic

